

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A  
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE ENCE  
EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA.

**PRESENTACIÓN**

## 1 PRESENTACIÓN

Ence - Energía e Celulosa é referente na produción de celulosa e enerxía con biomasa cultivada como exemplo de actividade comprometida co desenvolvemento sostible e a mitigación do cambio climático. A actividade do Grupo baséase no cultivo, coidado, promoción e aproveitamento de especies forestais para a produción, o aproveitamento e a transformación de madeira e biomasa en celulosa e enerxía. A compañía xestiona aproximadamente 116.000 hectáreas forestais en España, Portugal e Uruguai, cumprindo os máis esixentes requisitos internacionais en materia de Xestión Forestal Sostible.

Ence conta con tres complexos industriais en España (Huelva, Navia en Asturias e Pontevedra) con capacidade para produciren máis de 1,3 millóns de toneladas de pasta de papel e dispón de plantas de xeración de electricidade cunha produción anual de preto de 1,2 millóns de kWh. Sobre esta base, a compañía está a desenvolver novos proxectos enerxéticos co obxecto de maximizar a eficiencia das súas plantas e aproveitar a súa experiencia forestal para medrar en xeración de enerxía renovable con biomasa.

En 2013, a fábrica de Ence en Lourizán (Pontevedra), cumprirá os seus primeiros 50 anos de operación téndose convertido nunha das máis respectuosas co medio ambiente do sector da pasta de papel no mundo. De feito, trátase dunha das dous únicas factorías de Europa que produce pasta de papel a partir de madeira de eucalipto sen empregar cloro nin derivados do cloro no proceso de branqueo da madeira.

A factoría ten desenvolvido nos últimos anos un profundo proceso de modernización centrado tanto en acadar melloras en eficiencia como no logro de importantes melloras na xestión do impacto ambiental.

Entre as accións máis importantes estiveron as seguintes:

- **Substitución do dióxido de cloro por auga osixenada para o branqueo da pasta.**
- **Construción, en 2006, dunha nova depuradora.** Do acerto deste investimento dan boa conta os estudos que tanto a empresa coma institucións independentes, coma o Instituto Español de Oceanografía, fan do estado do medio receptor do efluente líquido de Ence, a Ría de Pontevedra. De acordo coa información divulgada polo Instituto Español de Oceanografía, a Ría de Pontevedra atópase entre as que teñen unha mellor calidade das augas en Galicia.
- **Plan de Eliminación de Olores.** Desenvolvido dende 2009 xunto co Departamento de Enxeñería Química da Universidade de Santiago de Compostela, o seu obxectivo é eliminar por completo o impactooloroso da factoría antes de 2014. Tan só no primeiro semestre de 2012, o número de episodios que xeran impactooloroso no contorno da fábrica e que se poden asociar á súa actividade reduciuse nun 75%.
- **Eliminación de Vapores.** A meirande parte das emisións aéreas da fábrica de Ence en Pontevedra son de vapor de auga. Estas emisións teñen un impacto negativo na imaxe da factoría e son percibidas como fume contaminante (malia a súa inocuidade e a súa verdadeira natureza) por un número importante de persoas no contorno da factoría. Os técnicos de Ence traballan no

desenvolvemento de solucións para que deixen de ser visíbeis nos vindeiros meses.

- **Eficiencia enerxética.** A planta de Lourizán (Pontevedra) é practicamente autosuficiente en materia de enerxía. Case toda a enerxía renovable que consume no seu proceso industrial se xera con biomasa e coas partes da madeira que non se empregan para a produción de celulosa.

Trala adquisición de Ence en 2006 polos seus actuais propietarios, a empresa comezou un intenso proceso de modernización que fixo da sostibilidade económica, ambiental e social o pilar fundamental do modelo da compañía. É por iso que, nos últimos anos, a empresa despregou diferentes accións para a súa apertura á sociedade pontevedresa, a incorporación das opinións dos seus principais grupos de interese nos seus procesos de toma de decisión, e a difusión dos avances en xestión ambiental e creación de riqueza.

Despois de ter feito da factoría pontevedresa un exemplo de xestión ambiental a nivel global, Ence pretende mellorar tamén o impacto visual das instalacións. Por iso, preséntase a oportunidade de acometer unha actuación na fábrica que reduza o impacto visual e que integre ao máximo a instalación industrial no contorno natural, amosando unha imaxe de progreso e desenvolvemento económico e tecnolóxico respectuoso co medio ambiente, máis acorde coa realidade industrial de Lourizán, a súa evolución dos últimos anos, e as súas potencialidades de futuro.

Por todo iso, faise necesario dispoñer das mellores ideas para acadar os obxectivos que se pretenden nesta intervención, fomentando a ampliación do abano de propostas en número e características, mediante a actuación por



Energía y Celulosa

Secretaría Xeral do Concurso  
Presentación

concurso de profesionais expertos en arquitectura e paisaxe, o que garantirá a calidade do proxecto seleccionado e xustifica esta convocatoria.

Madrid, 04 de nadal de 2012

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A  
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE  
ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA

[secretariaconcurso@ence.es](mailto:secretariaconcurso@ence.es)